

Na redución de residuos urbanos...

BOAS PRÁCTICAS!



Na aula dixital de Botóns

BOTÓN FORO GALO
MAGAZÍN DE
INFORMACIÓN

Coa colaboración de:


SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA
DO MEDIO AMBIENTE



Ola amigos!

Xa vos contamos que a elevada produción de residuos é un dos máis importantes problemas ambientais aos que se enfrenta a sociedade moderna. Nos chamados países desenvolvidos, como o noso, o problema é aínda maior debido a que tanta máis riqueza é habitual un maior consumo.

En 2009 cada cidadán europeo producía unha media de 513 kg de lixo ao ano. Paréche moito? Non hai dúbida de que é unha cifra enorme. Pois en España o dato chega a 547 kg per cápita.



Pola contra, mentres que na UE se recicla unha media dun 24% dos residuos xerados, en España apenas se chega ao 15%. En Galicia a taxa de reciclaxe é dun 10%. O novo Plan de Residuos elaborado pola Xunta quere reducir de aquí a 2020 o volume de lixo e conseguir que o 30% do total poida ser reciclado.

Nesta loita por un planeta máis sustentable nós temos un papel moi importante.

De cada un de nós depende que se cumpran (e incluso se melloren) os obxectivos de redución e maior reciclaxe

Estás preparado?

Toma nota e ponte en acción.

A túa actitude no día a día...
é poderosa!



COMO ACTUAR CANDO IMOS Á COMPRA?

-Cando che toque ir á compra ou acompañar á familia fai antes unha lista na casa dos produtos que precisas. Procura mercar só aquilo que vas usar. Á vez que aforras, contribúes a que no teu fogar non se xeren aínda máis residuos.

-É importante que cando merques lles botes un ollo ás datas de caducidade. Cantas veces che caducou un iogur no frigo? Intenta que todas as cousas que compres poidan utilizarse e que non acaben no refugallo sen máis.

-Cando vas ao supermercado ou a unha tenda escolle o produto que menos envase teña. Lembra que a embalaxe vai directamente ao lixo.



-Se aínda non a tes na casa, convence á túa familia de que empregue unha bolsa reutilizable. Imaxina ao cabo do mes canto plástico logras reducir así.

-Hai produtos como os pratos ou os vasos de plástico que poden resultar moi cómodos (non hai que lavalos) pero se o pensas ben só teñen un uso e rematan axiña en refugallo.






-Busca os produtos locais e que sexan de tempada. Ademais de seren alimentos de calidade, son máis económicos e contaminan menos o planeta. Parácheste a pensar por que? Pois é ben doado, as cousas que se producen máis preto de ti non precisan ser transportadas dende lugares moi distantes.

-Intenta substituír as bebidas en lata por outras que veñan en vidro reutilizable.



COMO REDUCIR O REFUGALLO NA TÚA CASA?

Hai moitas pequenas accións da vida diaria que che axudarán a reducir o lixo. Toma nota, empezamos coa lista:

-  -Usa trapos de cociña en lugar de rolos de papel e panos de mesa de tea en vez dos de papel.
-  -Sempre que poidas emprega pastillas de xabón no canto de xabón líquido.
-  -Para combater os malos olores do corpo, logo de ducharte colle desodorizantes en barra e deixa de lado os de spray. Lembra que estes últimos son moito máis contaminantes e atacan directamente a capa de ozono (que non é nin nada máis nin nada menos que a pel máis externa do noso planeta). O mesmo podes facer cos ambientadores en spray ou cos insecticidas. Sabías que hai disuasivos naturais como aceites de limón, cravo, piñeiro ou cedro para espantar as moscas?
-  -Se hai un bebé na casa xa ben sabes a cantidade de cueiros que pode gastar cada día. Se son cueiros de usar e tirar a final de ano case podemos falar de milleiros. Unha solución para evitar tanto refugallo que ademais non é biodegradable é aprender dos nosos avós, que usaban cueiros lavables. Serán un pouco menos cómodos pero é doado de imaxinar canto lixo aforran e lembra que algúns cueiros poden tardar 100 anos en biodegradarse.
-  -Dille que non á publicidade que che ofrecen cando vas pola rúa. Daste conta que moitas veces guindamos folletos que nin sequera lemos?

-Cantas veces lle tes ouvido aos maiores que a comida non se tira. Aínda que ás veces non todos predicán co exemplo, é unha verdade que tamén nos pode axudar a reducir lixo innecesario. Convértete nun chef ecolóxico e pensa que novos menús tan saborosos podes facer coa comida que che sobrou.

-Na segunda ficha comentabamos que as pilas son moi contaminantes (unha soa pode contaminar unha cantidade inxente de auga). Para os nosos aparellos podemos optar por pilas recargables así non temos que estar tirando as dun só uso.

-Cando lle teñas que dar un agasallo a un familiar ou a un amigo tamén podes pensar en verde. Cantos agasallos ben bos hai que non xeran refugallo!!! Aí van algúns: entradas para o cine, un concerto, unha fin de semana nunha casa rural, unha tarde nun Parque Acuático...É así centos de cousas. Seguro que van quedar encantados.

-Nos nosos armarios atéiganse de roupa vella (ás veces simplemente pasada de moda). A solución non é guindala no colector do lixo. Ten en conta que hai moita xente que pode darlle uso (podes doala a asociacións benéficas). Coas prendas máis desgastadas sempre podes facer panos de cociña ou incluso xoguete de trapo.

-Xa dixemos que o refugallo electrónico é cada vez un problema maior. Lembra que os teléfonos móbiles, os computadores ou as consolas non deben acabar no colecto do lixo normal. Hai puntos de recollida especiais. Pregunta no teu Concello

NA ESCOLA:


Ao final do ano pasamos moitas horas nas escolas e nos institutos. É sen dúbida a nosa segunda casa. Tamén aí debemos actuar á hora de combater o problema do lixo.

Algunhas ideas:

- Canto papel non se gasta nas aulas? Emprega sempre as dúas caras das follas e reutiliza as que están impresas por un lado.
- Imprime ou fotocopia aquilo que sexa imprescindible.
- Comproba que usas papel reciclado e libre de cloro.
- Fala cos teus compañeiros e compañeiras da necesidade de ter un comportamento responsable co lixo, tanto na escola como na casa.



SABÍAS QUE...








- ...As medicinas que xa caducaron non deben ir no colector do lixo. Tes que entregalas na farmacia. Dende os establecementos enviaranas para un tratamento específico.
- ...A media do refugallo que se produce no fogar é: 40% materia orgánica, o 21% é papel e cartón, o 11% plásticos, 8% vidro, 7% latas, 3% cartóns de bebida e o 10% restante outros tipos (trapos, gomas, madeira...)
- ...Só en Estados Unidos cada ano acaban no lixo 113 mil millóns de tazas, 39 mil millóns de utensilios para comer e 29 mil millóns de pratos. Desta enorme cantidade a metade son de plástico.
- ...En Portugal calculan que un fogar recibe de media ao ano 60 quilos de panfletos na súa caixa de correos.
- ...Nas últimas tres décadas aumentou notablemente a embalaxe de produtos. Mercar produtos pouco embalados pode supoñer cada ano unha redución potencial que se achega aos 8kg.
- ...Estímase que máis do 25% dos alimentos que compramos non chegamos a consumi-los. Con cabeza, podemos aforrar cartos e contribuir a non xerar máis residuos orgánicos.
- ...O vidro é 100% reciclable. Ao reciclalo afórrase máis do 30% da enerxía necesaria para produci-lo.
- ...Unha casa galega na que viven catro persoas produce de media case 1.700 quilos de lixo cada ano. É hora de reducir esta cifra, non cres? Ti tamén podes!

Colómbese, pero no se pue-
blar de error, ¡pues el co-

LIGAZÓNS DE INTERESE:

- Recetario para aproveitar a comida sobrante e convertela nun menú de luxo (editado por Sogama):
<http://www.sogama.es/gl/info/publicacions> (Descarga aquí o PDF)
- Que tipo de lixo se xera na túa casa? Podes ver nesta ligazón unha enquisa personalizada que estima a porcentaxe de residuos do teu fogar.
http://www.vidasostenible.org/ciudadanos/a1_04.asp (Fundación Vida Sostenible)
- Este vídeo é un magnífico exemplo de como mercar e á vez reducir embalaxes.
<http://www.youtube.com/watch?v=ZhwAMnBxEjM> (Ecomania)



SUXESTIÓN DE ACTIVIDADES PARA FAMILIAS E DOCENTES:

- É moi importante que dende cativos os teus fillos colaboren na compra. Ti es a persoa que mellor lle pode inculcar un consumo responsable e tamén respectuoso co medio. Explícalle aos nenos porque escollemos uns produtos e non outros.
- A escola é, canda o fogar, un magnífico sitio para poñer en práctica a redución de residuos. Programa cos teus alumnos o xeito de reducir ao longo do mes o refugallo que se produce.
- Un magnífico xeito de reutilizar e aprender a compartir é organizar unha xornada de intercambio de produtos que os rapaces teñen na casa e que non queren. Cada un elabora unha lista e logo intercambian entre eles.

